

## **Circular 3/2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2020-2021**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación foi modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa nalgúns aspectos concernentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

En consonancia co disposto nos artigos 6 bis.1.e) e 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, o Goberno fixou no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

Igualmente, o artigo 59.1 da dita lei establece que as ensinanzas do nivel básico terán as características e a organización que as administracións educativas determinen, e o artigo 60.1 dispón que as ensinanzas de idiomas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma dispón, ademais, que a consellería competente en materia de educación organizará, polo menos, unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados de competencia xeral dos niveis e idiomas impartidos no seu ámbito de xestión.

De acordo coas Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se adoptan medidas para a finalización do curso 2019-



2020 nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, os calendarios establecidos na Circular 1/2020 para a realización das probas de certificación quedan sen efectos, polo que cómpre establecer un novo calendario de probas.

Tendo en conta que na actualidade está en proceso de tramitación a orde para a implantación da nova ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, e considerando a necesidade de lle proporcionar información ao alumnado sobre os aspectos máis salientables da nova ordenación, así como de establecer un novo calendario para a realización das probas de certificación destas ensinanzas, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

## I. Acceso

### 1. Condicións xerais de acceso para o curso escolar 2020-2021

1.1. Para acceder a estas ensinanzas será requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano natural en que se comecen os estudos.

1.2. Poderán acceder, así mesmo, aquelas persoas que teñan cumpridos catorce anos, ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2020, para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obrigatoria como primeira lingua estranxeira.

1.3. O alumnado que desexe matricularse en español como lingua estranxeira deberá acreditar a súa condición de cidadán/á dun país no que a lingua española non sexa lingua oficial, aínda que teña tamén a nacionalidade española.

1.4. Poderase acceder directamente a un curso distinto de 1º de nivel básico a través das seguintes vías:

a) Os certificados dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 darán acceso, respectivamente, ás ensinanzas dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2.

b) Para aquelas persoas que dispoñan de coñecementos previos do idioma en que queiran matricularse, as probas de clasificación permitirán a incorporación ao curso que



corresponda, segundo o resultado obtido, dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2.

c) As titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos dun idioma, establecidos no Anexo da Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011, darán acceso ao primeiro curso do nivel inmediatamente superior ao acreditado. As persoas que acrediten o nivel C2 poderán acceder a este mesmo nivel.

d) Para os idiomas español como lingua estranxeira e galego, os títulos, certificados e diplomas acreditativos de ter coñecementos do idioma establécense no anexo I desta circular e outorgarán acceso directo por titulación aos cursos que se indican.

e) As persoas aspirantes que presenten certificacións distintas ás que fan referencia os apartados anteriores deberán realizar a proba de clasificación.

f) En tanto o Goberno non determine as equivalencias correspondentes, de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional única do RD 1041/2017, as persoas que acrediten o título de bacharelato terán acceso ao primeiro curso do nivel intermedio B1 do idioma que acrediten como 1ª lingua estranxeira.

g) Os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) dos niveis A1, A2, B1, B2 e C1, regulados no Real decreto 264/2008, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, permitirán o acceso, respectivamente, ás ensinanzas de español como lingua estranxeira dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

h) Os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, permitirán o acceso, respectivamente, ás ensinanzas de galego dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2.

1.5. Os requisitos e o procedemento de acceso para os cursos non ordinarios para a formación do profesorado, colectivos profesionais e público en xeral serán establecidos nas súas convocatorias correspondentes.

1.6. O acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia *That's English!* será obxecto dunha normativa específica.



1.7. Todo o alumnado de novo acceso (ver apdo. 2.1 desta circular) deberá realizar unha preinscrición en liña a través da aplicación informática existente para tramitar a súa solicitude de praza.

1.8. O alumnado con anulación de matrícula por falta de pagamento no curso 2019-2020 deberá aboar previamente as cantidades adebedadas para formalizar a nova matrícula.

## 2. Preinscrición

2.1. Ademais daquelas persoas que solicitan cursar estudos no 1º curso do nivel básico dun idioma nas escolas oficiais de idiomas por primeira vez, terá a consideración de alumnado de novo acceso para os efectos de preinscrición e adxudicación de prazas o seguinte:

- a. As persoas procedentes das probas de clasificación.
- b. As persoas que solicitan acceso directo por titulación.
- c. As persoas que se incorporan á ensinanza presencial tras superar as probas específicas de certificación polo réxime libre.
- d. As persoas procedentes de traslado de expediente.
- e. O antigo alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2019-2020.

### 2.2. Prazo de preinscrición

- As preinscricións realizaranse dende o 1 ao 19 de outubro.
- Todas as preinscricións deberán formalizarse obrigatoriamente en liña no prazo establecido nesta circular, a través do acceso <https://www.eoidigital.com/preinsxunta> e de acordo coas instrucións que figuran no **anexo II**.

2.3. Para cada idioma poderase facer unha única preinscrición con tres preferencias priorizadas de grupos, nun máximo de dous idiomas. En caso de adxudicación de praza en dous idiomas en dúas escolas distintas, o/a alumno/a deberá optar por un só idioma



nunha soa escola, excepto no caso de que un dos idiomas só se imparta nunha das dúas escolas. Nese caso, permitirase a matrícula simultánea nas dúas escolas, e considerarase que o/a alumno/a ten feito un traslado parcial do expediente na lingua que só se oferta nunha das escolas.

2.4. No momento de facer a preinscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude, independentemente da escola, idioma e curso solicitado. Para a asignación de prazas o sistema informático en que se realizaron as preinscricións obterá un número de corte por idioma a partir do cal se asignarán as vacantes dispoñibles, este número obtense aleatoriamente entre todos os números asignados a cada solicitante dese idioma e curso no momento da preinscrición. A adxudicación de prazas realizarase por persoa, empezando pola solicitude que teña o número obtido no sorteo, respectando a orde de preferencia indicada na solicitude e pasando á seguinte persoa cando se lle asigne praza nun grupo ou cando non obteña praza en ningún dos grupos solicitados.

2.5. A obtención do número para a adxudicación das prazas realizarase en acto público, o día 20 de outubro ás 10.00 horas, na EOI de Ourense (R. Mestre Vide, núm.10, Ourense). O día 21 de outubro o alumnado poderá consultar na aplicación web se foi admitido. As persoas que obteñan praza deberán confirmar a reserva de praza no grupo adxudicado desde a aplicación web de matrícula e formalizar esta, no prazo que estableza cada escola, na secretaría da escola oficial de idiomas ou sección, se é o caso, na que vai cursar os estudos. Os centros poderán establecer os horarios de atención ao público que consideren oportunos para garantir a mellor organización.

### 3. Acceso por probas de clasificación

3.1. As probas de clasificación teñen por obxecto facilitarlle ao alumnado que dispoña de coñecementos previos dun idioma, e non poida acreditarlos de acordo co establecido no punto 1.4 desta circular, a incorporación a calquera curso e nivel desa lingua.

3.2. Terán dereito a realizar as probas de clasificación para cada idioma aquelas persoas que desexen acceder por primeira vez ás ensinanzas de idiomas na modalidade presencial.



3.3. Así mesmo, poderán realizar estas probas as persoas que cursaron con anterioridade estudos do idioma e que non se matricularon en réxime oficial nos dous cursos anteriores ao que desexen acceder. Este alumnado deberá ter en conta que se o resultado da proba lle dá acceso a un curso que xa superou nese idioma non poderá cursalo de novo, polo que o resultado da proba non terá efecto.

3.4. As escolas oficiais de idiomas poderán realizar probas de clasificación para cada un dos idiomas que impartan, en función das solicitudes recibidas. Estas realizaranse de acordo co calendario que estableza cada escola e os departamentos didácticos das distintas escolas serán os responsables da súa elaboración, administración e avaliación.

3.5. O alumnado que se inscriba nas probas de clasificación e desexe optar a unha praza no primeiro curso do nivel básico, no caso de que non obteña o acceso por proba de clasificación, terá que realizar tamén a preinscrición para este nivel no idioma correspondente.

3.6. Unha vez publicados os resultados das probas de clasificación, o alumnado que as realizara deberá solicitar a preinscrición no curso e nivel ao que obtivo acceso.

3.7. A incorporación ao curso que determine o resultado da proba estará suxeita á dispoñibilidade de prazas no dito curso. Esta incorporación non dará dereito en ningún caso á certificación dos cursos e niveis inferiores.

3.8. O resultado das probas de clasificación ten unha vixencia de dous cursos académicos para os efectos de preinscrición e formalización da matrícula oficial nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

## II. Matrícula

### 4. Procedemento de matrícula

4.1. O alumnado oficial do curso 2019-2020 que desexe continuar estudos no curso 2020-2021 no mesmo idioma e escola non debe facer preinscrición, senón que deberá realizar a reserva de praza en liña, desde o enderezo <https://www.informaticacentros.com/xunta> e de acordo coas instrucións que figuran no



**anexo III**, e formalizar a matrícula na secretaría da EOI ou sección, se é o caso, nos prazos establecidos nesta circular.

4.2. A matrícula en liña permitirá reservar praza no grupo de elección do/a alumno/a, segundo a oferta educativa aprobada para cada EOI, a través da aplicación web, e en función das vacantes existentes.

4.3. Unha vez realizada a reserva de matrícula en liña e impresa a correspondente confirmación por duplicado a través da aplicación web, deberase efectuar o pagamento dos prezos públicos, segundo corresponda e de acordo coas instrucións establecidas para tal efecto, e todo o alumnado debe presentar na secretaría do centro, no prazo establecido, a seguinte documentación para a formalización da matrícula:

- Dúas copias da confirmación da reserva de matrícula realizada en liña. Unha delas será selada pola secretaría da EOI e entregada ao alumno/a como resguardo da formalización da matrícula.
- Resguardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, do 13 de xuño (DOG do 17 de xuño), consonte un destes modelos oficiais, acompañado dos certificados de exención ou redución correspondentes, se é o caso:
  - modelo E (autocopiativo en papel)
  - modelo AI, xerado electronicamente e impreso desde o enderezo: <http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>
  - modelos [730](#) e [731](#) (xerados desde a Oficina Virtual Tributaria)
- No caso de fraccionar o pagamento da matrícula, o documento para o pago do 2º prazo, cos 20 díxitos da conta bancaria para a domiciliación do pago fraccionado, cuberto e asinado, xunto co certificado da conta bancaria, onde conste o IBAN e a titularidade do alumno/a.



4.4. O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais do anterior, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, ou do NIE no caso de estranxeiros.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2020, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no curso escolar 2019-2020, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do **anexo IV**.

4.5. No caso de discapacidade deberase achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o **anexo V** desta circular. A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da Resolución do 10 de maio de 2012, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 17 de decembro de 2014.

4.6. A documentación presentarse preferiblemente por vía electrónica, de acordo co procedemento que estableza cada escola. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

4.7. Nas seccións das escolas oficiais de idiomas, a formalización das matrículas realizarase a través das secretarías dos centros onde están situadas as seccións, excepto nos centros seguintes, nos que non se tramitará ningunha solicitude e a matrícula deberá formalizarse na secretaría da EOI da que dependa a sección, segundo se indica:



IES Manuel Murguía (Arteixo)	EOI da Coruña
IES Universidade Laboral (Culleredo)	
IES de Melide	
IES de Sar (Santiago de Compostela)	EOI de Santiago de Compostela
IES Xulián Magariños (Negreira)	
IES Lama das Quendas	EOI de Monforte de Lemos
IES Gregorio Fernández (Sarria)	EOI de Lugo
IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)	EOI de Ourense
IES de Celanova (Celanova)	
IES O Ribeiro (Ribadavia)	
IES Valle-Inclán (Pontevedra)	EOI de Pontevedra
IES Alexandre Bóveda (Vigo)	EOI de Vigo
IES de Rodeira (Cangas)	
IES Escolas Proval (Nigrán)	
IES Val do Tea (Ponteareas)	
IES Pedro Floriani (Redondela)	
IES Monte Castelo (Burela)	EOI Viveiro

4.8. Para garantir a correcta tramitación das matrículas, as cualificacións correspondentes á avaliación ordinaria deberanse cargar na aplicación informática ata o día 25 de setembro, e as cualificacións correspondentes á avaliación extraordinaria deberanse



cargar ata o día 14 de outubro, para o alumnado oficial, e ata o día 16 de outubro, para o alumnado libre.

## 5. Prazos de matrícula

### 5.1. Período de matrícula ordinaria:

O establecido segundo as instrucións de cada escola para o alumnado oficial dos cursos de promoción do curso 2019-2020 que desexe continuar os estudos no mesmo idioma e escola no curso 2020-2021 e supere todas as actividades de lingua na convocatoria ordinaria ou renuncie á promoción, e para todo o alumnado con renuncia de matrícula no curso 2019-2020. En todo caso, este período de matrícula ordinaria rematará antes do 8 de xullo.

### 5.2. Período de matrícula extraordinaria:

Do 9 ao 30 de outubro, segundo as instrucións de cada escola, tendo en conta a data do sorteo e que o alumnado oficial coa cualificación de apto/a, non apto/a ou non presentado/a na convocatoria extraordinaria deberá matricularse entre o 9 e o 16 de outubro.

A aplicación de matrícula pechará o día 30 de outubro ás 12.00 do mediodía e o prazo de entrega de toda a documentación requirida na secretaría do centro será ata as 14.00 horas.

Do 14 ao 22 de setembro, segundo as necesidades de cada escola, poderase permitir a matrícula do alumnado dos cursos de promoción apto en xuño ou con renuncia á promoción, e do alumnado con renuncia de matrícula no curso 2019-2020, que non formalizara a súa matrícula no prazo establecido.

## 6. Perda do dereito á matrícula

6.1. O alumnado que non formalice a súa matrícula no prazo establecido para o grupo que lle corresponda, presentando a documentación requirida na secretaría das escolas, perderá o dereito á praza asignada e só poderá matricularse ao finalizar todo o proceso de matrícula, no caso de quedaren prazas vacantes.



6.2. A non incorporación sen xustificación debidamente razoada perante a dirección nos quince días seguintes ao inicio do curso académico implicará a perda da condición de alumnado oficial, e a escola poderá dispor destas prazas para seren cubertas por outros aspirantes, sen que corresponda a devolución dos prezos públicos aboados.

## 7. Renuncia de matrícula

O alumnado poderá solicitarlle ao centro a renuncia de matrícula ata un mes antes do remate das clases do curso correspondente. A mencionada renuncia constará no expediente académico e nas actas de avaliación do alumnado mediante a oportuna dilixencia. A renuncia por primeira vez non computará para os efectos de permanencia no curso e nivel correspondente; as renunciacións posteriores si se terán en conta para estes efectos, agás en casos excepcionais debidamente xustificadas e valoradas pola dirección do centro. O alumnado que renuncie á matrícula e desexe, con posterioridade, continuar os seus estudos nas escolas oficiais de idiomas, deberá someterse de novo ao proceso de admisión para o mesmo nivel en que estivera matriculado.

## 8. Traslado de expediente

8.1. O alumnado que desexe trasladar o expediente co fin de proseguir as ensinanzas oficiais de idiomas noutra escola da Comunidade Autónoma de Galicia deberá solicitar praza no centro de destino, presentando unha certificación académica expedida polo centro de orixe. A súa admisión estará condicionada á existencia de prazas vacantes no idioma e curso solicitado.

8.2. Para proceder ao traslado, o centro de orixe remitiralle ao de destino, e por petición deste, unha copia autenticada do expediente académico do/a alumno/a.

8.3. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico, e a matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do expediente académico debidamente autenticada.

8.4. O traslado do expediente entre as escolas oficiais de idiomas de Galicia non comporta ningún custo económico para o alumnado.



8.5. O traslado de matrícula sen ter concluído o curso académico será posible nas mesmas condicións dos puntos anteriores deste artigo.

8.6. O alumnado que, sen finalizar o curso, se traslade a unha escola oficial de idiomas de Galicia procedente dunha escola oficial de idiomas doutra comunidade autónoma, terá que realizar os trámites que se prevén no apartado 8.2 e, ademais, aboar as taxas establecidas para o curso en que se matrícula.

## 9. Reasignación de nivel

9.1. As escolas poderán realizar modificacións na adscrición inicial do alumnado de novo acceso que precise unha nova valoración do seu nivel de dominio do idioma, co obxecto de asignarlle praza nun nivel distinto. A dita reasignación realizarase por proposta xustificada do/a profesor/a do grupo, ratificada polo departamento. Para estes efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde a través dunha proba de clasificación.

9.2. Igualmente, o alumnado que obtivera praza de acordo co apartado 2.1. e) desta circular poderá ser adscrito a calquera dos cursos inferiores ao nivel que xa ten superado. Así, mesmo, o alumnado que promocionou no curso do 2019-2020 poderá ser reasignado ao curso dende o que promocionou. A matrícula deste alumnado terá a consideración de matrícula de actualización.

9.3. En ambos os casos, a nova adscrición estará suxeita á dispoñibilidade de prazas e non suporá a expedición do certificado do curso de procedencia do alumnado nin dos niveis que xa teña superados. O/A alumno/a deberá aceptar a reasignación de curso, asinando o documento da proposta (**anexo VI**). Esta circunstancia non terá efectos académicos e farase constar no expediente do/a alumno/a.

## 10. Incompatibilidades

10.1. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

10.2. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de elaboración final.



10.3. O profesorado que imparta docencia nunha EOI non poderá cursar estudos nin matricularse nas probas de certificación de ningún idioma no mesmo centro onde estea destinado e, en ningún caso, se poderá matricular para seguir estudos ou realizar as probas de certificación do(s) idioma(s) que imparte en ningunha EOI de Galicia. No caso de profesorado interino ou substituto que estivera matriculado previamente nunha escola, este deberá solicitar o traslado de expediente a outro centro, ou ben poderá renunciar á matrícula.

10.4. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou sección non poderá cursar estudos nin matricularse nas probas de certificación polo réxime libre no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que si se poderá matricular noutra escola ou sección. No caso dos idiomas que se impartan nunha única escola, o persoal non docente que traballe nesta escola poderá formalizar a matrícula neses idiomas no dito centro.

10.5. Tanto o persoal docente coma non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou sección, si poderá realizar os cursos de competencias parciais que se organicen na escola ou sección onde desempeñe o seu labor.

10.6. O alumnado non poderá estar matriculado en dúas escolas distintas ao mesmo tempo. En caso de adxudicación de praza en dous idiomas en dúas escolas distintas, deberá optar por un só idioma nunha soa escola, excepto no caso de que un dos idiomas só se imparta nunha das dúas escolas. Nese caso, permitirase a matrícula simultánea nas dúas escolas.

## 11. Permanencia

11.1. O alumnado oficial presencial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola normativa vixente. Logo de esgotadas as convocatorias correspondentes, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas na modalidade presencial, pero poderá inscribirse na modalidade a distancia ou realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

11.2. Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación dun ano de permanencia nun nivel en supostos de doenza que perturbe significativamente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á xefatura



territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional outorgar a correspondente autorización, logo da solicitude do alumnado, que irá acompañada de xustificación documental.

11.3. O alumnado do programa That's English terá dereito ao número de convocatorias que se estableza na súa normativa específica.

11.4. Ao alumnado afectado polo cambio de plan non lle computarán as convocatorias esgotadas do plan que se extingue.

## 12. Prezos públicos

O pagamento para a formalización da matrícula axustarase ao establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño (DOG do 17 de xuño).

O pagamento realizarase mediante o impreso de autoliquidación, modelo E (subministrado polos centros educativos en papel), ou ben mediante o modelo AI (cuberto e xerado en formato electrónico desde a Internet no enderezo web <http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos> e que debe presentarse impreso en papel). O pagamento poderase realizar en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación de taxas e prezos que veñen relacionadas no Anexo VII da Orde de 30 de xuño de 1992 ([http://www.atriga.gal/documents/16561/139395/ANEXO\\_VI\\_CAS.pdf/9c64acc2-824f-42a8-9745-211b53001614](http://www.atriga.gal/documents/16561/139395/ANEXO_VI_CAS.pdf/9c64acc2-824f-42a8-9745-211b53001614)). Igualmente, poderá facerse efectivo o ingreso de xeito telemático a través da Oficina Virtual Tributaria. Quedará xustificado o pagamento mediante a presentación do impreso validado pola entidade financeira, no caso dos modelos E ou AI e, no caso do pagamento telemático, mediante a presentación dos impresos [730](#) ou [731](#) co código seguro de verificación (CSV), xerado pola Oficina Virtual Tributaria.



### 13. Información ao alumnado

13.1. As escolas oficiais de idiomas darán publicidade a todos aqueles aspectos relativos ao proceso de admisión: grupos e prazas que se ofrezan en cada idioma, alumnado preinscrito, alumnado admitido, e os correspondentes períodos de reclamacións.

13.2. O alumnado deberá ser informado, no momento da formalización da matrícula, de que a posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número mínimo de persoas inscritas que o xustifique.

13.3. Para facilitarlle os procesos de preinscrición ou de matriculación en liña ao alumnado, as escolas habilitarán equipos informáticos con conexión a Internet nos espazos que a escola dispoña para tal efecto.

13.4. No momento da matrícula o alumnado deberá ser informado de que as datas de realización das probas parciais de febreiro e finais de xuño e setembro poderán realizarse en días e horas diferentes aos horarios ordinarios das clases do curso no que se matrícula. Igualmente, deberáselles informar de que na convocatoria de setembro poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora.

13.5. As escolas, a través das súas páxinas web e dos taboleiros de anuncios, darán información sobre o proceso de matrícula e os prezos públicos aplicables en cada caso.

## III. Organización académica

### 14. Tipoloxía da oferta educativa

#### 14.1. Cursos ordinarios

##### a) Cursos anuais

A duración de cada curso nos distintos niveis será de 120 horas ao longo do curso académico.



Os grupos correspondentes a estes cursos terán unha carga lectiva de 4 horas semanais, distribuídas, con carácter xeral, en dúas sesións lectivas semanais de 2 horas cada unha, preferentemente en días alternos.

#### b) Cursos intensivos

As escolas oficiais de idiomas poderán ofertar cursos intensivos que permitan impartir as 120 horas correspondentes a un curso anual nun só cuadrimestre, de forma que o alumnado poida completar dous cursos dun mesmo nivel, se é o caso, nun curso académico.

Os grupos correspondentes a estes cursos terán unha carga lectiva de 8 horas semanais, distribuídas, con carácter xeral, en catro sesións lectivas semanais de 2 horas de duración.

#### c) Cursos de nivel integrado

Tendo en conta as circunstancias especiais que concorren na aprendizaxe da lingua galega, do español como lingua estranxeira e do portugués, as escolas poderán ofertar, nos niveis básico A1 e A2 e intermedio B1 destas ensinanzas unha modalidade de formación, baixo a denominación de «curso de nivel integrado A2 e curso de nivel integrado B1», de acordo coas seguintes características:

- Os cursos de nivel integrado son cursos cunha duración de 60 horas en que se imparten os contidos básicos establecidos no currículo correspondente para cada nivel.
- Poderán ofertarse cursos de nivel integrado na modalidade presencial nos idiomas galego, español como lingua estranxeira e portugués.
- Os cursos de nivel integrado irán dirixidos ao alumnado que teña coñecementos previos na lingua obxecto de aprendizaxe, de xeito que poida alcanzar os obxectivos establecidos no currículo nun tempo máis reducido.
- Polas súas características, os cursos de nivel integrado terán un punto específico dentro da programación didáctica do respectivo departamento didáctico.



- Para esta modalidade, os cursos de nivel integrado A2 impartiranse no primeiro cuadrimestre e as probas de certificación realizaranse no mes de febreiro. Os cursos de nivel B1 impartiranse no segundo cuadrimestre e as probas de certificación realizaranse no mes de xuño.

## 14.2. Cursos de actualización, perfeccionamento e especialización

### a) Cursos para a formación do profesorado

- Cursos de actualización lingüística e comunicativa para o profesorado (CALC).

Poderanse programar nas escolas oficiais de idiomas cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) para o profesorado que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

Os cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) estarán secuenciados nun itinerario formativo segundo os niveis A2, B1, B2, C1 e C2 do Marco europeo común de referencia para as linguas, do Consello de Europa. Cada curso terá, con carácter xeral, unha duración de 120 horas, cunha distribución horaria semanal equivalente á dun curso anual ou intensivo.

Estes cursos organizaranse en colaboración cos centros de formación e recursos (CFR), e terán o correspondente recoñecemento como formación de profesorado para os efectos establecidos no Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O profesorado que complete os cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e cumpra cos requisitos de asistencia, poderá matricularse, con carácter gratuíto, nas probas de certificación do idioma e nivel cursado, na escola ou sección onde realizou o CALC, e terá carácter de alumnado de curso ordinario para os efectos do número de convocatorias. No suposto de que se trate de profesorado que realizou o curso no mesmo



centro en que imparte docencia noutro idioma, este deberá formalizar a matrícula noutra escola e respectaráselle a súa condición de alumnado oficial.

- A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa poderá autorizar a realización, nas escolas oficiais de idiomas, en colaboración cos centros de formación de profesorado de que dependan, doutros cursos de formación en idiomas para o profesorado sobre distintos ámbitos específicos relacionados coa práctica docente. Estes cursos terán carácter modular, cunha duración de 30, 60 ou 120 horas.

b) Cursos preparatorios para a obtención dos Celga e cursos de linguaxe administrativa galega

Os cursos de linguaxe administrativa galega (LAG) e os cursos preparatorios para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga) serán impartidos polo profesorado con destino nos departamentos didácticos de galego das EOI.

Estes cursos, que terán carácter gratuito, impartiranse de acordo coas directrices que estableza a Secretaría Xeral de Política Lingüística e serán obxecto dunha normativa específica por parte da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

c) Cursos para colectivos profesionais e público en xeral

As escolas oficiais de idiomas poderán ofertar cursos de competencia xeral que inclúan as actividades de comprensión de textos orais e escritos, de produción e coprodución de textos orais e escritos e de mediación para cada nivel, ou por competencias parciais correspondentes a unha o máis das ditas actividades de lingua.

Estes cursos, que poderán ir destinados a distintos colectivos profesionais, como resultado do establecemento de convenios ou acordos por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou ao público en xeral, terán as características de acceso, calendario e certificación que se determinen en cada caso.

Estes cursos terán unha organización modular cunha duración de 30, 60 ou 120 horas e poderán ofertarse na modalidade presencial ou semipresencial, de acordo coas directrices e condicións de acceso que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación



Profesional e Innovación Educativa, que os poderá autorizar logo da solicitude motivada da dirección do centro, que inclúa a programación, duración e calendario de impartición, e do informe favorable do Servizo de Inspección Educativa.

A programación destes cursos axustarase aos niveis correspondentes do Marco europeo común de referencia para as linguas e nela constarán de forma expresa os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, e a súa oferta estará supeditada á dispoñibilidade de recursos humanos existentes na escola.

## 15. Modalidade semipresencial

15.1. Sen prexuízo do disposto para a impartición das ensinanzas de réxime especial pola modalidade presencial, as escolas oficiais de idiomas poderán ofertar as súas ensinanzas en réxime oficial pola modalidade semipresencial.

15.2. A organización das ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade semipresencial deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## 16. Planificación académica para o curso 2020/21

16.1. Nos cursos ordinarios, as actividades lectivas estenderanse ao longo de todo o ano académico, segundo o calendario escolar. A docencia dos cursos intensivos, dos cursos de nivel integrado e dos cursos de actualización, perfeccionamento e especialización cunha duración inferior a 120 horas impartiranse ao longo do primeiro ou do segundo cuadrimestre, de acordo co establecido nesta circular ou na normativa específica para cada un destes cursos.

16.2. Para os efectos de codificación da oferta formativa nas súas distintas modalidades, as escolas deberán utilizar os códigos que aparecen recollidos no **anexo VII** desta circular.

16.3. Ao inicio do curso, a Inspección Educativa comprobará que os grupos e cursos ofertados por cada escola contén un número de alumnado que xustifique a súa posta en marcha e autorizará as modificacións necesarias da oferta co obxecto de garantir o acceso ao maior número posible de alumnado e rendibilizar a oferta docente con que



conte cada escola. Para estes efectos e con carácter xeral, o número mínimo de alumnado por grupo será de 10. No caso de grupos cun número inferior, a Inspección Educativa valorará a súa posta en marcha sempre e cando se conte con profesorado destinado no centro e con dispoñibilidade horaria. En calquera caso, non se poderán autorizar grupos con menos de 6 alumnos/as.

#### **IV. Avaliación e certificación**

##### **17. Disposicións xerais**

17.1. O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

17.2. Os departamentos didácticos elaborarán as programacións didácticas para cada un dos cursos do nivel básico, intermedio e avanzado, secuenciando os obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación.

17.3. As programacións didácticas especificarán os procedementos e os instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado nas distintas actividades de lingua.

17.4. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme criterios de plena obxectividade, polo que as escolas oficiais de idiomas deberán facer públicos os criterios de avaliación e cualificación aplicables a cada actividade de lingua, así como os procedementos formais da avaliación e os criterios de corrección. Igualmente, darán a coñecer os criterios para a promoción do alumnado e para a obtención da certificación que corresponda.

##### **18. Proceso de avaliación do alumnado**

###### **18.1. Cursos ordinarios:**

a) Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, cun mínimo de dúas, coincidindo a última coa proba de promoción ou de certificación.



b) Ademais, ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

c) O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba segundo corresponda:

1º Proba parcial de progreso: os departamentos didácticos realizarán esta proba ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis. Esta proba farase, con carácter xeral, ao finalizar o primeiro cuadrimestre.

2º Proba de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.

3º Proba de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

## 18.2. Cursos de actualización, perfeccionamento e especialización

Tendo en conta as características diferenciadas de cada un destes cursos, a avaliación do alumnado nos cursos de actualización, perfeccionamento e especialización determinarase na correspondente convocatoria, e de acordo co recollido na súa programación didáctica.

## 18.3. Programa That's English!

a) O alumnado do programa That's English! que estea cursando o módulo correspondente a un curso final de nivel e teña superado(s) o(s) módulo(s) anterior(es) dese mesmo curso, deberá superar a proba de certificación do nivel correspondente para acadar o certificado de nivel básico A2, intermedio B1 ou B2 e avanzado C1 ou C2, segundo corresponda.

b) Este alumnado non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.



c) Os centros de apoio tutorial deberán remitir-lles a relación de alumnado, co nome, apelidos e DNI, aos centros de apoio administrativo respectivos para que as EOI correspondentes os inclúan nas probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, segundo corresponda.

d) O alumnado do programa That's English! realizará as probas de certificación na escola de idiomas ou sección á que estea adscrito o centro de apoio tutorial en que cursa os estudos.

## 19. Proba parcial de progreso e proba de promoción

### 19.1. Características xerais, estrutura e organización:

a) Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixiadas polo profesorado dos departamentos didácticos, de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixiadas polo profesor ou profesora correspondente.

b) A proba parcial de progreso realizarase ao finalizar o primeiro cuadrimestre e terá unicamente valor orientativo para o alumnado e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

c) Para os cursos non terminais de nivel realizarase unha proba de promoción. Esta proba terá lugar no mes de xuño, en convocatoria ordinaria, e no mes de setembro, en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba extraordinaria realizarase nos primeiros dez días de setembro.

d) Os departamentos didácticos establecerán criterios para a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

e) A proba parcial de progreso nos cursos intensivos e nos cursos de nivel integrado realizarase no segundo mes de cada curso e a proba de promoción ao finalizar o correspondente cuadrimestre.



## 19.2. Baremo e cualificación das probas:

- a) Para os cursos do nivel básico A2, tanto a proba parcial de progreso como a proba de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25 puntos. Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.
- b) Para os cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de promoción será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.
- c) A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto" ou "Non apto".
- d) A cualificación "Apto" requirirá a superación da proba nos termos previstos nos apartados anteriores.
- e) No caso do alumnado que non realice algunha(s) das partes da proba, a cualificación para cada unha destas partes será "Non presentado" e a cualificación final da proba será "Non apto".
- f) No caso do alumnado que non realice ningunha das partes que conforman a proba, a cualificación final será "Non presentado".
- g) O alumnado que non promocioe deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

## 20. Probas de certificación

20.1. As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.



O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

20.2. As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

20.3. Elaboración, administración e cualificación

a) As probas de certificación para cada un dos niveis serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

b) As probas de certificación administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións. Para a correcta administración das probas deberase ter en conta o disposto nas guías de administración de cada un dos niveis, así como nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación, que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

c) Con carácter excepcional, e logo de autorización da xefatura territorial correspondente, poderase variar o horario lectivo da escola ou sección naquelas franxas horarias en que a necesidade de espazos e profesorado o fagan necesario para o correcto desenvolvemento das probas.

20.4. Formación do profesorado na elaboración de probas

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ofrecerá formación específica para o profesorado dos departamentos didácticos responsables da redacción das probas de certificación.

20.5. Convocatoria das probas

a) Convocatoria das probas de certificación para o alumnado oficial:

O alumnado dos cursos ordinarios terá dereito a unha convocatoria de probas no mes de xuño e outra, extraordinaria, no mes de setembro. Nos cursos intensivos e de nivel



integrado que se realicen no primeiro cuadrimestre a convocatoria ordinaria será no mes de febreiro e a extraordinaria no mes de xuño. Nos que se realicen no segundo cuadrimestre, a ordinaria terá lugar no mes de xuño e a extraordinaria no mes de setembro.

O alumnado oficial matriculado nun curso final de nivel terá que superar a proba de certificación correspondente para obter o certificado dese nivel que lle permita promocionar, se é o caso, ao nivel inmediatamente superior.

O alumnado oficial matriculado nun curso non final de nivel que desexe matricularse nunha proba de certificación de calquera nivel, poderá facelo co pagamento previo dos prezos públicos correspondentes e achegando a documentación requirida para a matrícula do alumnado libre dentro do prazo establecido.

b) Convocatoria das probas de certificación para o alumnado libre:

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa organizará unha convocatoria das probas para a obtención dos certificados de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 no mes de xuño; así mesmo, poderá autorizar a súa realización no mes de febreiro para aqueles idiomas e niveis cuxa demanda o xustifique, previa solicitude por parte dos centros.

O alumnado libre poderá matricularse en calquera nivel das probas de certificación. Non é requisito indispensable dispoñer do/s certificado/s do/s nivel/is anterior/es.

A superación da proba de certificación dun nivel daralle acceso ao alumnado ao primeiro curso do seguinte nivel na modalidade presencial en calquera escola.

## 21. Certificados

21.1. Para obter os certificados dos niveis básico A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 será necesaria a superación de probas de certificación nas súas respectivas actividades de lingua.

21.2. A dirección xeral competente en materia de títulos expedirá, por proposta das escolas oficiais de idiomas, os certificados correspondentes aos niveis intermedio B2,



avanzado C1 e avanzado C2 do alumnado que supere as esixencias académicas establecidas para eses niveis.

21.3. Os certificados correspondentes aos niveis básico A2 e intermedio B1, así como os certificados de competencias parciais serán emitidos polas EOI. Estas expedirán, ademais, as certificacións académicas dos idiomas que impartan para o alumnado de todos os cursos non finais de nivel.

## 22. Certificación doutros cursos

22.1. A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nos cursos establecidos neste punto.

22.2. A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

## 23. Información e comunicación dos resultados da avaliación

23.1. Despois da avaliación resultante das probas de progreso, o/a profesor/a de cada grupo informará por escrito o alumnado sobre o seu aproveitamento académico.

23.2. Ao remate da proba de promoción e certificación, informarase por escrito o alumnado, ou os seus representantes legais no caso de menores de idade, acerca dos resultados da avaliación final. A dita información incluirá, cando menos, as cualificacións obtidas nas distintas actividades de lingua e, se é o caso, a promoción ao curso seguinte.

## 24. Avaliación de persoas con necesidades especiais

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.



## 25. Procedemento para formular reclamacións sobre os resultados da avaliación

25.1. O profesorado facilitaralle ao seu alumnado a revisión da proba parcial de progreso e da proba de promoción informándoo dos obxectivos acadados.

25.2. O alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas de promoción e de certificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da escola oficial de idiomas no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

25.3. A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

a) Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.

b) Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

25.4. A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitará do departamento o correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

25.5. De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer un recurso de alzada perante a Xefatura Territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

25.6. De producirse o recurso de alzada, o servizo provincial de inspección educativa solicitaralle á escola os seguintes documentos:

a) A reclamación do alumno ou alumna.

b) O informe do departamento didáctico e a resolución da dirección.



c) O informe do profesorado responsable da avaliación.

d) A proba ou probas contra as que se recorre e calquera outra documentación adicional que se considere pertinente.

25.7. No suposto de que o recurso de alzada se presentase ante a dirección da escola oficial de idiomas, esta tramitará a reclamación acompañada dos documentos sinalados no punto anterior nun prazo non superior a 48 horas.

25.8. A inspección educativa poderá solicitar a intervención de especialistas no idioma obxecto de reclamación para elaborar o informe correspondente.

25.9. A inspección educativa remitiralle o informe, xunto coa copia completa e ordenada do expediente, á Xefatura Territorial, no prazo de 10 días hábiles.

25.10. Tras ver o informe da inspección educativa, a Xefatura Territorial resolverá no prazo máximo de tres meses a partir da data de presentación do recurso, poñendo esta resolución fin á vía administrativa.

## **V. Probas de certificación para o curso 2019-2020**

26. Administración das probas

26.1. As probas de certificación administraranse nas sedes das EOI e, se é o caso, nas súas seccións.

26.2. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías de administración das probas de cada nivel que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas. Para facilitar a realización das probas nos horarios establecidos, os centros poderán iniciar os chamamentos das persoas aspirantes recollidos nas guías ata media hora antes do inicio da proba.

26.3. As probas de certificación para o profesorado dos cursos CALC e dos cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI realizaranse nas escolas onde se impartiron os cursos correspondentes, unicamente para o nivel ou niveis impartidos, e contarán con tribunais específicos para a súa administración e cualificación.



26.4. As EOI ou seccións onde non estean implantadas as ensinanzas correspondentes a un curso final de nivel non administrarán nesa escola ou sección as probas de certificación polo réxime libre correspondentes ao dito nivel. Se estas ensinanzas están implantadas, as probas de certificación administraranse, aínda que o nivel non se impartira no centro na modalidade presencial no curso 2019-2020.

26.5. A cualificación da produción e coprodución de textos escritos, da mediación escrita, da produción e coprodución de textos orais e da mediación oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente. No caso de departamentos didácticos unipersoais, o Servizo de Inspección Educativa respectivo designará o profesorado que deberá desprazarse desde outra sede ou sección para a formación dos tribunais que garantan a correcta administración das probas.

## 27. Calendario das probas

27.1. As probas de certificación administraranse nas datas establecidas nos anexos VIII e IX desta circular.

27.2. Para os niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a parte escrita (comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, e mediación escrita) das probas de certificación administraranse de acordo cos calendarios de administración que se achegan como anexo VIII (convocatoria ordinaria) e anexo IX (convocatoria extraordinaria) a esta circular. Na convocatoria ordinaria a parte escrita das probas de certificación das distintas linguas terá lugar en distintas datas ou horas, na convocatoria extraordinaria as probas escritas ou orais de distintas linguas poderán ter lugar na mesma data e hora.

27.3. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos nos anexos VIII e IX desta circular, a escola deberá informar e solicitar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora e/ou data.

27.4. Por razóns de espazo, no calendario da proba extraordinaria establécese unha segunda quenda para o nivel B2 de inglés e C1 de galego na EOI de Santiago de



Compostela. O centro distribuirá equitativamente o alumnado por orde alfabética entre ambas as quendas.

27.5. As escolas que o precisen poderán establecer tamén unha segunda quenda para a administración da proba do nivel B1 de inglés.

27.6. As probas dos niveis básico A2 e intermedio B1 de todos os idiomas realizarase de acordo co calendario que estableza cada escola, que deberá publicarse nos taboleiros de anuncios e na páxina web da escola. As probas libres dos niveis básico A2 e intermedio B1 de galego e inglés poderán realizarse na quenda ordinaria ou na extraordinaria, tendo en conta o número de alumnado matriculado neses niveis. Excepcionalmente, de acordo coas necesidades das escolas, as probas da convocatoria extraordinaria destes niveis poderán realizarse na última semana do mes de setembro.

27.7. As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas.

27.8. A EOI da Coruña establecerá o calendario de realización das probas de certificación de árabe e ruso. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel intermedio B2 de xaponés.

## 28. Convocatoria extraordinaria das probas de promoción

Coa finalidade de facilitar a organización das probas de certificación, no caso de que as circunstancias sanitarias non permitiran o correcto desenvolvemento das probas extraordinarias de promoción con carácter presencial, as direccións dos centros, de acordo cos departamentos correspondentes, poderán habilitar as medidas que consideren oportunas para a realización destas probas, ou dunha parte delas, de forma telemática.

## 29. Renuncia do alumnado libre

O alumnado matriculado nas probas libres poderá renunciar á matrícula e solicitar a devolución das taxas aboadas. O último día para formalizar esta renuncia será o 17 de agosto, para o alumnado que realice as probas na quenda ordinaria, e o 15 de setembro para o alumnado que as realice na quenda extraordinaria.



### 30. Protocolo de prevención e hixiene

As probas realizaranse de acordo cos protocolos de hixiene e seguridade que oportunamente estableza a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



**ANEXO I**  
**ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN**  
**ESPAÑOL COMO LINGUA ESTRANXEIRA**

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A1</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel A1 dos Centros de Linguas das universidades galegas</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A1</li> </ul>	BÁSICO A2
<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel A2 (básico)</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel A2 dos Centros de Linguas das universidades galegas</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A2</li> </ul>	INTERMEDIO B1
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel inicial</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B1</li> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel B1 (intermedio)</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B1</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel B1 dos Centros de Linguas das universidades galegas</li> </ul>	INTERMEDIO B2
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel intermedio</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B2</li> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel B2 (avanzado)</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B2</li> <li>• Certificados de español para estranxeiros de nivel B2, C1 ou C2 dos Centros de Linguas das universidades galegas</li> </ul>	AVANZADO C1
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel superior</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C1</li> <li>• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C2</li> <li>• Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles C1 e C2</li> </ul>	AVANZADO C2

## GALEGO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Curso de iniciación de lingua galega</li> </ul>	BÁSICO A2
<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Galego nivel A2 (básico)</li> <li>• Celga 1</li> </ul>	INTERMEDIO B1
<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Galego nivel B1 (intermedio)</li> <li>• Celga 2</li> </ul>	INTERMEDIO B2
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diplomatura en maxisterio con materias de lingua galega</li> <li>• Licenciatura en calquera filloxía con materias de lingua galega</li> <li>• Licenciatura en xornalismo con materias de lingua galega</li> <li>• Curso de especialización de lingua galega</li> <li>• Curso de perfeccionamento de lingua galega</li> <li>• Celga 3</li> </ul>	AVANZADO C1
<ul style="list-style-type: none"> <li>• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Galego nivel C1 (superior)</li> <li>• Licenciatura en filloxía galega ou galego-portuguesa</li> <li>• Licenciatura en filloxía portuguesa</li> <li>• Licenciatura en tradución e interpretación (galego lingua A)</li> <li>• Celga 4</li> </ul>	AVANZADO C2



## ANEXO II

### Procedemento de preinscrición en liña

1. Acceso ao sistema
2. Entrada á aplicación
3. Procedemento de matriculación
4. Confirmación de matrícula

#### 1. Acceso ao sistema

O acceso á preinscrición en liña realizarase desde a dirección:

<https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

#### 2. Entrada á aplicación

##### I. Datos de identificación

A persoa que desexe solicitar unha praza nas escolas oficiais de idiomas deberá darse de alta no sistema. Para iso deberá indicar a súa *data de nacemento* e o seu *número de DNI ou NIE*.

O formato destes campos indicárase na pantalla:

- Data de nacemento: dd-mm-aaaa
- DNI: 8 díxitos seguidos dunha letra
- NIE: comezará por X, Y ou Z, seguido de 7 díxitos e finalizado pola letra correspondente.

##### II. Datos persoais

Unha vez que se acceda coa data de nacemento e o número identificativo, terase acceso a unha pantalla para introducir os datos persoais.

Haberá unha serie de campos de requirido cumprimento para seguir co proceso de solicitude. Os datos que se solicitan son de nacemento e de residencia.

Igualmente terase que introducir un *contrasinal* que *permitirá con posterioridade acceder ao proceso de preinscrición en liña*.

Para os casos de perda de contrasinal pedirase tamén unha pregunta/resposta secreta que permita recuperar o contrasinal. Os datos introducidos poderán ser modificados con posterioridade, sempre e cando o usuario posúa os datos de acceso.



### 3. Solicitude de praza

Unha vez cubertos todos os campos de datos persoais, e a continuación das pantallas de confirmación, accédese á solicitude de prazas.

A pantalla conta, en primeiro lugar, con dous cadros despregables de datos nos que hai que indicar o **idioma** que se solicita e o **curso**.

A oferta é conxunta entre todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia, polo que no despregable aparecerá a oferta de todas as EOI.

A orde para solicitar unha praza é a seguinte:

- I. Elección do idioma.
- II. Elección do curso dos ofertados para o idioma seleccionado anteriormente.
- III. Elección do centro no que se desexe a praza.
- IV. Elección do grupo segundo os ofertados.

Os puntos III e IV poden ser repetidos varias veces nunha mesma solicitude.

A solicitude é única por idioma, é dicir, un mesmo solicitante non poderá realizar máis dunha preinscrición para un mesmo idioma.

Dentro da preinscrición poderanse realizar varias opcións para unha mesma solicitude.

A solicitude realizada poderá ser consultada, modificada e incluso eliminada en calquera momento e sempre que o proceso non estea cerrado segundo os prazos establecidos.

O sistema poderá emitir resgardos como garantía da solicitude da praza.

### 4. Modificación de solicitudes realizadas

Se o prazo de preinscrición non está pechado, a través da mesma páxina é posible acceder á información introducida e poderanse modificar tanto os datos persoais como as preinscricións.

Poderanse engadir novas preinscricións, modificar opcións dentro dunha preinscrición e mesmo eliminar preinscricións existentes. O acceso por segunda e posteriores veces realizarase coa data de nacemento, o DNI/NIE e o **contrasinal indicado** no momento da alta.



## 5. Consulta de solicitudes

Durante todo o proceso poderase acceder á consulta das solicitudes realizadas.

Unha vez realizada a adxudicación de vacantes, na consulta de preinscricións poderase ver se se obtivo praza ou non.

## 6. Adxudicación de prazas

A adxudicación de prazas realizarase da seguinte maneira:

- I. No momento da preinscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude.
- II. Seguindo o procedemento establecido nesta circular, obterase, en sorteo público, un número de corte por idioma. Este número obterase de entre todos os números que a aplicación lle asignou a ese idioma. Tomarase como primeiro/a alumno/a a solicitude que teña o número obtido.
- III. Comprobaranse as peticións efectuadas polo/a solicitante e se hai dispoñibilidade no primeiro grupo solicitado asignaráselle praza inmediatamente, descartando o resto de peticións feitas para ese mesmo idioma por esta persoa.
- IV. Se non hai prazas dispoñibles na primeira opción, tense en conta a súa segunda opción e así sucesivamente. En caso de que en ningunha das opcións solicitadas existan prazas vacantes, descartarase esta solicitude e continuarase coa solicitude que teña o seguinte número, en orde ascendente.
- V. Unha vez comprobadas as peticións de todas as persoas solicitantes, xerarase unha lista de reservas, que terá en conta **unicamente a primeira opción solicitada** e comezará pola primeira persoa solicitante que non obtivese praza.

## 7. Confirmación de matrícula

A confirmación de matrícula realizarase desde a mesma aplicación que se utiliza na matriculación oficial, segundo se dispón no anexo IV.



## ANEXO III

### Procedemento de matriculación en liña

1. Acceso ao sistema
2. Identificación do/a alumno/a
3. Proceso de matriculación
4. Presentación de documentos
5. Descarga á aplicación do centro

#### 1. Acceso ao sistema

O acceso á matriculación en liña realizarase desde a plataforma Centrosnet no enderezo que cada centro ten asignado. Habilitarase tamén unha entrada xenérica para que se poida acceder a calquera centro desde un mesmo enlace:

<https://www.informaticacentros.com/xunta>

#### 2. Identificación do alumnado

##### I. Alumnado oficial do curso 2019-2020

O alumnado oficial do curso 2019-20 xa ten acceso a Centrosnet, polo que accederá á aplicación de matrícula utilizando o usuario e contrasinal que posúe (en caso de dúbida, consulte coa escola).

##### II. Novo alumnado

O alumnado que provén da preinscrición, dado que aínda non ten un número de expediente asignado, deberá substituír o número de expediente pola súa data de nacemento. Mantense o DNI como contrasinal para este alumnado.

Nas páxinas da preinscrición haberá un enlace directo á zona de matriculación.

#### 3. Proceso de matriculación

##### I. Reserva da praza de matrícula

Ao entrar na aplicación, o alumnado accederá a unha pantalla con información acerca do curso no que lle corresponde matricularse, e poderá elixir un grupo dos que se lle oferten. Esta oferta de grupos poderá verse na pantalla á que accede o/a solicitante.

Unha vez confirmada polo/a alumno/a, a selección do grupo no que se matricula non poderá ser modificada nin anulada.

No caso do alumnado que proveña da preinscrición, o grupo xa estará fixado (de acordo co resultado da adxudicación de vacantes) e o/a solicitante só poderá confirmar ou rexeitar a súa matrícula no grupo correspondente.



Ao confirmar a matrícula, o sistema xerará un resgardo onde se indicará o idioma, curso e grupo seleccionado, así como o día e hora en que se grava a súa solicitude. O/A alumno/a recibirá información dos prezos públicos correspondentes para que poida efectuar o correspondente pago na entidade bancaria ou polos procedementos establecidos nesta circular.

Ata ese momento a praza estará en reserva, e pendente de formalización na secretaría da escola oficial de idiomas ou sección, se é o caso, onde o/a alumno/a vai realizar os estudos.

## II. Confirmación e formalización da matrícula

Unha vez efectuado o pago dos prezos públicos, o/a solicitante deberá presentar na secretaría da escola ou sección, se é o caso, o resgardo da reserva de matrícula e o resgardo de que efectuou o pago dos prezos públicos correspondentes na entidade bancaria (ou do pago telemático, de ser o caso), ademais do resto da documentación requirida nesta circular.

Despois de que o/a alumno/a presente a documentación na secretaría do centro, a EOI accederá á plataforma Centrosnet cos datos de identificación da EOI para confirmar a reserva e formalizar así a matrícula do/a alumno/a.

O pago da matrícula deberá efectuarse nos prazos establecidos, e calquera pago efectuado fóra de prazo levará á anulación da praza reservada, sen que o/a alumno/a teña dereito á devolución dos importes aboados.

O/a alumno/a deberá presentar o resgardo do pago na secretaría do centro dentro do prazo de matrícula indicado. De ter pagado os prezos públicos pero non entregado o resgardo na secretaría da escola, a reserva de praza tamén quedará anulada.

Finalizado cada prazo de matrícula, as prazas non confirmadas pola secretaría do centro quedarán anuladas e polo tanto liberadas para o seguinte prazo de matriculación ou listaxe de espera, e o/a solicitante perderá calquera dereito sobre a reserva da súa praza.

## 4. Presentación de documentos

Se o/a solicitante se atopa nalgunha situación que requira a presentación de documentación adicional, deberá facelo na secretaría do centro dentro dos prazos de matrícula establecidos nesta circular.

O alumnado con dereito a redución de prezos públicos poderá efectuar a súa reserva de matrícula en liña, pero para proceder á formalización da matrícula deberá achegar a documentación xustificativa na secretaría da escola ou sección, se é o caso, onde vai cursar os estudos.

A presentación da documentación farase preferiblemente por vía electrónica, de acordo co procedemento que estableza cada escola. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

## 5. Descarga á aplicación da escola (CODEX)





Unha vez rematado o proceso de matrícula en Centrosnet, as escolas oficiais de idiomas descargarán os datos á aplicación informática da escola (CODEX) e quedarán así integrados co resto de expedientes.

## ANEXO IV

### CERTIFICADO DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA CURSADA NA ESO

Don(a)....., secretario  
/a do centro ....., con código de  
centro nº ....., na localidade ..... (provincia  
.....),

#### CERTIFICO:

Que don(a)....., con DNI  
....., cursou en 2019-2020 neste centro o ..... curso das  
ensinanzas da ESO, e que o idioma cursado como primeira lingua estranxeira  
é .....

Asino este certificado por pedimento do/a interesado/a e para os efectos de matrícula  
polo réxime oficial presencial na escola oficial de idiomas.

..... de ..... de 2020

V. e pr. do/a director(a)

O/A secretario/a

(Selo do centro)



## ANEXO V

### SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DE PROBAS

O/a alumno/a ....., con  
DNI/NIE ....., domicilio en ..... código  
postal ..... na rúa ....., nº .....  
andar/porta ....., con teléfono ..... e enderezo de correo  
electrónico ....., matriculado/a no ano  
académico 2020-2021 como alumno/a oficial presencial no curso seguinte:

Curso	Nivel	Idioma		
<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> Básico A1 e A2	<input type="checkbox"/> Alemán	<input type="checkbox"/> Francés	<input type="checkbox"/> Portugués
<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> Intermedio B1	<input type="checkbox"/> Árabe	<input type="checkbox"/> Galego	<input type="checkbox"/> Ruso
	<input type="checkbox"/> Intermedio B2	<input type="checkbox"/> Chinés	<input type="checkbox"/> Inglés	<input type="checkbox"/> Xaponés
<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> Avanzado C1	<input type="checkbox"/> Español como lingua estranxeira	<input type="checkbox"/> Italiano	
	<input type="checkbox"/> Avanzado C2			

#### CERTIFICO:

Que presento a seguinte dificultade sensorial ou motora que me impide desenvolver con normalidade as probas conducentes á avaliación e cualificación:

.....

.....

En cumprimento do establecido no artigo 11, punto 6 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo<sup>1</sup>, onde se recolle que o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con diversidade funcional terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, e que os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado

#### SOLICITO:

Que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

\_\_\_\_\_

<sup>1</sup>Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de agosto).



## ANEXO VI REASIGNACIÓN DE NIVEL

EOI de .....

Curso .....

O/A profesor/a.....

do idioma....., considera que a adscrición do/a alumno/a

ao ..... curso do nivel ..... non se axusta  
debidamente ao grao de dominio lingüístico que corresponde ao dito curso e nivel, polo que

**PROPÓN**

Unha nova adscrición ao..... curso do nivel .....

....., ..... de ..... de 20.....

O/A profesor/a

Conforme: O/A alumno/a

Visto e prace

Xefatura do Departamento



## ANEXO VII

### INSTRUCCIÓN PARA A CODIFICACIÓN DA OFERTA FORMATIVA DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

#### A. CODIFICACIÓN DOS CURSOS ORDINARIOS

#### B. CODIFICACIÓN DOS CURSOS DE ACTUALIZACIÓN, PERFECCIONAMENTO E ESPECIALIZACIÓN

#### C. CODIFICACIÓN DOS CURSOS DE THAT'S ENGLISH

#### D. CODIFICACIÓN DO ALUMNADO LIBRE E DE PROBAS HOMOLOGADAS

#### A. CODIFICACIÓN DOS CURSOS ORDINARIOS

Estes grupos correspóndense coa oferta que se deriva do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 y Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

Estrutura dos códigos: **idioma-curso e nivel-tipo-modalidade-número** (cada un dos campos irá separado por un guión)

#### 1. Códigos dos idiomas

Alemán	AL
Árabe	AR
Chinés	CH
Español como lingua estranxeira	ELE
Francés	FR
Galego	GA
Inglés	IN
Italiano	IT
Portugués	PO
Ruso	RU
Xaponés	XA

#### 2. Códigos dos cursos e niveis

Nivel básico A1	A1
Nivel básico A2	A2
Nivel básico A1 e A2	A1-A2
1º curso do nivel básico A2	A2.1
2º curso do nivel básico A2	A2.2



Nivel intermedio B1	B1
1º curso de nivel intermedio B1	B1.1
2º curso de nivel intermedio B1	B1.2
3º curso de nivel intermedio B1	B1.3
Nivel intermedio B2	B2
1º curso do nivel intermedio B2	B2.1
2º curso do nivel intermedio B2	B2.2
Nivel avanzado C1	C1
1º curso do nivel avanzado C1	C1.1
2º curso do nivel avanzado C1	C1.2
Nivel avanzado C2	C2
<b>3. Códigos dos tipos de cursos</b>	
<b>3.1. Cursos anuais:</b> cada curso encádrase nun nivel e a súa duración coincide coa do curso académico, con 120 horas.	Cando se trata dun grupo anual ordinario, deixarase en branco.
<b>3.2. Cursos intensivos:</b> cando se imparte nun cuadrimestre o horario lectivo correspondente a un curso académico. Teñen unha duración de 120 horas.	
1º cuadrimestre	INT-A
2º cuadrimestre	INT-B
<b>3.3. Cursos de nivel integrado:</b> son cursos cunha duración de 60 horas en que se imparten os contidos básicos establecidos no currículo correspondente para cada nivel. Só poden ofertarse nesta modalidade os niveis A2 e B1 das linguas consideradas ambientais: galego, portugués e español como lingua estranxeira. Os cursos do nivel A2 impartiranse no primeiro cuadrimestre e os do nivel B1, no segundo.	
Nivel básico A2 (1º cuadrimestre)	A2-ITG-A
Nivel intermedio B1 (2º cuadrimestre)	B1-ITG-B
<b>4. Modalidade</b>	
Os cursos ordinarios poderán impartirse nas modalidades presencial ou semipresencial.	
<b>4.1. Modalidade presencial:</b> Os grupos correspondentes a estes cursos terán unha carga lectiva de 4 horas semanais, distribuídas, con carácter xeral, en dúas sesións lectivas presenciais semanais de 2 horas cada unha, preferentemente en días alternos.	Deixarase en branco.
<b>4.2. Modalidade semipresencial:</b> As 120 horas de duración destes cursos distribuiranse en 60 horas de ensinanza presencial e 60 horas de ensinanza en liña. A súa oferta deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa .	SEMI
<b>5. Número</b>	
Corresponde aos distintos grupos de cada curso (se hai un só grupo, o nº 1; se hai máis, o número que corresponda)	

Exemplos:

1º curso do nivel intermedio B2 de inglés intensivo do 1º cuadrimestre	IN-B2.1-INT-A-1
Curso anual de chinés do nivel básico A1	CH-A1-1
Curso de nivel integrado de galego do nivel intermedio B1	GA-B1-ITG-B-1
1º curso de nivel avanzado C1 de francés na modalidade semipresencial	FR-C1.1-SEMI-1

## B. CODIFICACIÓN DOS CURSOS DE ACTUALIZACIÓN, PERFECCIONAMENTO E ESPECIALIZACIÓN

A oferta de cursos non ordinarios confórmana os cursos de actualización, perfeccionamento e especialización de competencias en idiomas dirixidos ao profesorado e outro colectivos profesionais e, en xeral, a persoas adultas con necesidades específicas de aprendizaxe de idiomas.

Estrutura dos códigos: **idioma-tipo-modalidade-nivel-duración-número**

### 1. Códigos dos idiomas

Iguais que os dos cursos ordinarios

### 2. Códigos dos tipos de cursos

**2.1. Cursos para a formación do profesorado:** cursos de formación dirixidos ao profesorado de centros sostidos con fondos públicos.

		Duración (horas)
a) Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC)	CAL	120
c) Oferta non específica: a oferta de formación aberta a todo o profesorado	FOR	30/60/120

### 2.2. Cursos preparatorios para a obtención dos Celga e cursos de linguaxe administrativa galega

a) Cursos preparatorios para certificados CELGA

Celga 1	CE1	60
Celga 2	CE2	60
Celga 3	CE3	60
Celga 4	CE4	60

b) Cursos de linguaxe administrativa: poderán ofertarse nas modalidades presencial e a distancia

Linguaxe Administrativa Galega nivel medio	LAM	75
Linguaxe Administrativa Galega nivel superior	LAS	75

**2.3. Cursos para colectivos profesionais e público en xeral:** cursos de competencia xeral ou competencias parciais destinados a colectivos profesionais ou ao público en xeral. Poderán impartirse nas modalidades presencial ou semipresencial.

Cursos para colectivos profesionais	PRO	30/60/120
Cursos para o público en xeral	PUB	30/60/120
Cursos de competencia xeral	XER	

Cursos de competencias parciais:



• Comprensión de textos orais	CO
• Comprensión de textos escritos	CE
• Producción e coprodución de textos orais	PCO
• Producción e coprodución de textos escritos	PCE
• Mediación	MED
<b>3. Códigos da modalidade</b>	
Presencial	PRES
Semipresencial	SEMI
A distancia	DIST
<b>4. Códigos dos niveis</b>	
Iguais que os dos cursos ordinarios	
<b>5. Duración</b>	
Este código consta de dúas partes, o número de horas do curso e a súa temporalización.	
Número de horas do curso	O nº de horas que corresponda
Temporalización:	
1º cuadrimestre	A
2º cuadrimestre	B
Curso completo	C
<b>6. Número</b>	
Corresponde aos distintos grupos de cada curso (se hai un só grupo, o número 1; se hai máis, o número que corresponda).	
Exemplos:	
Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC), nivel A2, 120 h	IN-CAL-A2-120C-1
Curso de formación do profesorado de nivel C1 de portugués de 120 h	PO-FOR-C1-120C-1
Curso preparatorio para o Celga 2, 2º cuadrimestre	GA-CE2-60B-1
Curso de linguaxe administrativa galega superior a distancia, 1º cuadrimestre	GA-LAS- DIST-75A-1
Curso de competencia xeral de nivel B1 de francés para para un colectivo profesional, 60 horas, primeiro cuadrimestre	FR-PRO-XER- B2-60A-1
Curso semipresencial de produción e coprodución de textos escritos de nivel A2 de italiano para o público en xeral, 30 horas, segundo cuadrimestre	IT-PUB-PCO- SEMI- A2-30B-1
Curso de comprensión de textos orais e mediación de nivel A1 de alemán para o público en xeral, 60 horas, primeiro cuadrimestre	AL-PUB-CO/MED-A1-60B-1
<b>C. CODIFICACIÓN DOS CURSOS DE THAT'S ENGLISH</b>	
<b>Cursos a distancia:</b> Cursos correspondentes ao programa <i>That's English!</i> ,	THE



con titorías semanais de 1,5 horas por grupo e estrutura modular. A codificación destes cursos inclúe:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O código de idioma (ver punto 1 dos cursos ordinarios).</li> <li>• O nivel do curso (ver punto 2 dos cursos ordinarios).</li> <li>• A denominación THE (cursos a distancia de <i>That's English!</i>).</li> <li>• O código correspondente ao módulo (descrito a continuación).</li> <li>• O número do grupo (ver punto 4 dos cursos ordinarios).</li> </ul>	
Módulos (1 ao 12): MDxx (xx = número do módulo)	
Módulo 1	MD01
Módulo 2	MD02
Módulo 3	MD03
Módulo 4	MD04
Módulo 5	MD05
Módulo 6	MD06
Módulo 7	MD07
Módulo 8	MD08
Módulo 9	MD09
Módulo 10	MD10
Módulo 11	MD11
Módulo 12	MD12
Exemplo:	
Curso That's English! de nivel básico A2 (módulo 4)	IN-A2-THE-MD04-1
<b>D. CODIFICACIÓN DO ALUMNADO LIBRE E DE PROBAS HOMOLOGADAS</b>	
O alumnado libre é aquel que se matricula na escola oficial de idiomas para a realización das probas de certificación por este réxime.	
O alumnado de probas homologadas é aquel que procede dun curso CUALE	
Estrutura dos códigos: <b>idioma-nivel-tipo</b>	
Alumnado libre do nivel básico A2	A2-LI
Alumnado libre do nivel intermedio B1	B1-LI
Alumnado libre do nivel intermedio B2	B2-LI
Alumnado libre do nivel avanzado C1	C1-LI
Alumnado libre de nivel avanzado C2	C2-LI
Alumnado libre procedente de CALC de nivel A2	A2-CAL
Alumnado libre procedente de CALC de nivel B1	B1-CAL



Alumnado libre procedente de CALC de nivel B2	B2-CAL
Alumnado libre procedente de CALC de nivel C1	C1-CAL
Alumnado libre procedente de CALC de nivel C2	C2-CAL
Alumnado de probas homologadas CUALE de nivel A2	A2-CUA
Alumnado de probas homologadas CUALE de nivel B1	B1-CUA
Alumnado de probas homologadas CUALE de nivel B2	B2-CUA
Exemplos:	
Alumnado libre de nivel intermedio B2 de francés	FR-B2-LI
Alumnado libre procedente de CALC de inglés de nivel intermedio B1	IN-B1-CAL
Alumnado de proba homologada CUALE-A2	IN-A2-CUA



**ANEXO VIII**  
**ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN**  
**INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2**  
**CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2019-2020**

**CONVOCATORIA ORDINARIA (ALUMNADO PRESENCIAL, CALC, CFP, CUALE E LIBRE)\*\***

Alemán - nivel intermedio B2	3 de setembro	16:00 h
Alemán - nivel avanzado C1	10 de setembro	10:00 h
Alemán - nivel avanzado C2	14 de setembro	10:00 h
Español como lingua estranxeira - nivel intermedio B2	15 de setembro	10:00 h
Francés - nivel intermedio B2	4 de setembro	16:00 h
Francés - nivel avanzado C1	9 de setembro	16:00 h
Francés - nivel avanzado C2	11 de setembro	16:00 h
Galego - nivel intermedio B2 **	2 de setembro	10:00 h
Galego - nivel avanzado C1**	4 de setembro	10:00 h
Galego - nivel avanzado C2	8 de setembro	10:00 h
Inglés - nivel intermedio B2**	2 de setembro	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C1**	7 de setembro	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C2	10 de setembro	16:00 h
Italiano - nivel intermedio B2	7 de setembro	10:00 h
Italiano - nivel avanzado C1	9 de setembro	10:00 h
Italiano - nivel avanzado C2	11 de setembro	10:00 h
Portugués - nivel intermedio B2	3 de setembro	10:00 h
Portugués - nivel avanzado C1	8 de setembro	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C2	14 de setembro	16:00 h

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba.

Nas datas das probas de acceso á universidade (15, 16 e 17 de setembro) só se inclúe a parte escrita de español como lingua estranxeira e, na medida do posible, as escolas non fixarán probas orais das restantes linguas nestas datas.

**\*\* Agás o alumnado libre dos niveis B2 e C1 de galego e inglés, que realizará as probas nas datas da convocatoria extraordinaria.**



**ANEXO IX**  
**ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN**  
**INTERMEDIO B1, INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2**  
**CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2019-2020**

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (ALUMNADO PRESENCIAL, CALC, CFP, CUALE, E ALUMNADO LIBRE DOS NIVEIS B2 E C1 DE GALEGO E INGLÉS)**

Alemán - nivel intermedio B2	2 de outubro	10:00 h
Alemán - nivel avanzado C1	6 de outubro	10:00 h
Alemán - nivel avanzado C2	9 de outubro	10:00 h
Español como lingua estranxeira - nivel intermedio B2	5 de outubro	10:00 h
Francés - nivel intermedio B2	1 de outubro	10:00 h
Francés - nivel avanzado C1	6 de outubro	10:00 h
Francés - nivel avanzado C2	8 de outubro	10:00 h
Galego - nivel intermedio B2	8 de outubro	10:00 h
Galego - nivel avanzado C1	2 de outubro	10:00 h
Galego - nivel avanzado C1 (2ª quenda)**	7 de outubro	10:00 h
Galego - nivel avanzado C2	1 de outubro	10:00 h
Inglés - nivel intermedio B2	1 de outubro	16:00 h
Inglés - nivel intermedio B2 (2ª quenda)**	5 de outubro	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C1	6 de outubro	16:00 h
Inglés - nivel avanzado C2	9 de outubro	10:00 h
Italiano - nivel intermedio B2	1 de outubro	16:00 h
Italiano - nivel avanzado C1	2 de outubro	16:00 h
Italiano - nivel avanzado C2	8 de outubro	16:00 h
Portugués - nivel intermedio B2	2 de outubro	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C1	6 de outubro	16:00 h
Portugués - nivel avanzado C2	8 de outubro	16:00 h

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba.

**\*\* Por razóns de espazo, establécese unha segunda quenda para a EOI de Santiago de Compostela, que distribuirá equitativamente o alumnado destes niveis en ambas as quendas.**